



BASES REGULADORAS DO CONCURSO INFANTIL DE TARXETAS DE NADAL 2021

1. Destinatarios

Dirixido ós/ás nenos/as do Concello de Barbadás, que estén matriculados/as en educación primaria (dende 1º ata 6º).

2. Categorías

Establécense dúas categorías:

- Alumnos/as de 1º a 3º de Primaria.
- Alumnos/as de 4º a 6º de Primaria.

2. Normas de participación

As tarxetas presentadas deberán cumprir os seguintes requisitos:

- O tema da tarxeta é o espírito do Nadal e poderá conter de forma libre calquera aspecto relativo a estas festas, valorárase a orixinalidade e a capacidade creativa.
- Estar presentado en cartolina ou papel, tamaño DIN A5 (medio folio normal, 15x21 centímetros).

3. Lugar e prazo de presentación

As tarxetas poderán presentarse na Casa da Cultura deixándoas no buzón habilitado para tal efecto ou nos CEIP Filomena Dato e O Ruxidoiro.

O prazo de presentación será dende o día 2 ata o 15 de Novembro de 2021.

As tarxetas deberán presentarse en sobre pechado con pseudónimo e idade, dirixido a Concellaría de Cultura de Barbadás “Concurso de Tarxetas de Nadal 2021”, e incluíndo no interior outro sobre pechado cos datos persoais: nome e apelidos, dirección, idade e nº de teléfono.

4. Premios

- Entregaranse dous premios por cada categoría, consistentes en:
 - Categoría alumnos/as de 1º a 3º de Primaria:
 - 1º Premio: un puzle 3D e un lote de libros.
 - 2º Premio: un puzle 3D e un lote de libros.



○ Categoría alumnos/as de 4º a 6º de Primaria:

1º Premio: un altofalante conectable por bluetooth e un lote de libros.

2º Premio: un altofalante conectable por bluetooth e un lote de libros.

- O xurado estará composto pola Concelleira de Cultura, coordinador da Casa de Cultura e por un membro de cada un dos equipos directivos dos CEIP do Concello de Barbadás.
- O nome dos gañadores ou gañadoras publicárase na páxina web do Concello de Barbadás (www.barbadas.es) a partir do 30 de novembro de 2021.
- Todas as tarxetas presentadas ao concurso serán expostas na sala de exposicións da Casa de Cultura do Concello de Barbadás durante o periodo de Nadal, dende o día 22 de decembro ata o día 7 de xaneiro.
- Os premios entregaránse o día 23 de decembro, no lugar e hora que se indique na publicación dos gañadores.
- A tarxeta galardoada co 1º Premio de calquera das dúas categorías poderá ser utilizada para o Programa Cultural destas datas, as postais finalistas poderán ser utilizadas para felicitar o Nadal por parte do Concello de Barbadás.

A participación no concurso suporá a aceptación das presentes bases.

A Concellaría de Cultura resérvase o dereito a realizar os cambios que poida considerar necesarios.